

«Creo que estamos en disposición de dar o salto a Latinoamérica»

Un grupo de arquitectos coñeceu onte os produtos de Mobles Hermida

María Cadrado [LOURENZÁ / A VOZ](#) 1/10/2011

★★★★★ (1 votos)

Twitter 0

Menéame

Recomendar 0



Hermida, terceiro pola dereita, durante a visita de onte.

X. F. R.

Un grupo de prescriptores de varios países desprazáronse onte pola mañá á fábrica de Mobles Hermida, en Lourenzá. A visita enmárcase entre as actividades da Semana Internacional do Contract, co obxectivo de inspeccionar novas posibilidades de colaboración e posibles vías de negocio.

-¿De onde parte a idea da visita?

-Naceu da Federación de Empresas de Carpintería e Ebanistería de Galicia porque dentro das necesidades do sector está a internacionalización e buscar mercados novos. Está claro que cos países de Centroamérica e cos latinoamericanos temos afección idiomática e cultural. En colaboración co CIS Madeira decidimos facer esta misión inversa para que profesionais doutros países puidesen coñecer os nosos produtos. Desta forma, nunha soa viaxe poden contactar cunha serie de fabricantes que necesitan no seu negocio, que é o da arquitectura.

-¿De que países proceden?

-De Panamá, México, República Dominicana e tamén hai un prescriptor de Ecuador con intereses en Venezuela e Estados Unidos.

-¿Que impresión levan de Mobles Hermida?

-Antes de vir a Mobles Hermida houbo unha rolda de reunións en Ourense con fabricantes do sector e tamén houbo outras visitas esta semana que concluíron coa de hoxe, en Lourenzá. Quedaron gratamente impresionados e gustoulles a capacidade de produción de Mobles Hermida e do resto das empresas. É unha idea xeral coa que se van. Creo que as empresas galegas estamos en disposición de ofertar unha calidade e un servizo que non é fácil atopar.

-¿Vostedes venden actualmente fose de España?

-Agora mesmo non. Precisamente a algúns destes países si vendemos antes, como a Venezuela ou Panamá.

-¿Sería posible dar agora o salto agora ao mercado de Latinoamérica?

-Creo que si. Todos os que habemos tratamos con estes profesionais nos habemos atopamos ante profesionais dun gran nivel que están a construír moitísimo, algo que agora mesmo aquí non se ve, pero si en países como Panamá, México ou Colombia. Son arquitectos que constrúen hoteis, residencias e outras obras, e eles prescriben o mobiliario que se compra.

Compartir

PUBLICIDAD